



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN
EN DATA 17 DE NOVEMBRO DE 2023**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESUS ROMERO CARRACELAS
ISMAEL DURAN BEREIJO
LUCIA PICOS ANEIROS
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS
OLGA IGLESIAS BEREIJO
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

No Auditorio municipal do Concello de Cedeira (A Coruña), de acordo coa Resolución de Alcaldía nº 568/2023, do 15 de novembro, pola que se modifica o lugar de realización da sesión plenaria, ás 12:01 horas do día 17 de novembro de 2023, réunese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

O Sr. Alcalde da a benvida á sesión extraordinaria do Pleno ao alumnado do IES Punta Candieira e do CEIP Nicolás del Río. Presenta aos compañeiros da Corporación e á Secretaria, excusa á Interventora e da as grazas a Tania Merelas, que fixo posible este traballo colaborativo.

1. APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DO CONSELLO LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA (CLIA) DE CEDEIRA E APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DE CEDEIRA

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 14 de novembro de 2023, que di:

“Vista a Proposta de Alcaldía de data 08.09.2023, que dí:



“A Constitución española de 1978 establece que os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia, gozando os nenos da protección prevista nos acordos internacionais que velan polos seus dereitos.

A Convención dos Dereitos do Neno de Nacións Unidas, do 20 de novembro de 1989, ratificada por España o 30 de novembro de 1990, marca un antes e un despois no recoñecemento das nenas e dos nenos como suxeitos de dereito. Isto é, como cidadáns e cidadás que teñen dereitos, liberdades, deberes e responsabilidades que cómpre protexer e promover desde as diferentes instancias da sociedade.

A Lei 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, insta ao conxunto de axentes sociais, desde a Administración Pública, aos centros educativos e familias, por citar algúns exemplos, a traballar contra a violencia que poden sufrir as persoas máis vulnerables, as nenas e os nenos. Do mesmo xeito, establece o marco referente para garantir a protección das persoas miúdas e favorece un escenario de traballo a prol dos seus dereitos.

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que o municipio ostenta competencias, entre outras materias, na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.

En virtude do exposto, o Pleno do Concello, en sesión realizada o 05 de maio de 2023, adoptou acordo aprobando o I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Cedeira 2023-2028 no que se prevé, para garantir o compromiso e facilitar o seguimento do traballo realizado ao abeiro do Plan, a constitución do Consello Local de Infancia e Adolescencia de Cedeira (CLIA) como órgano consultivo municipal que se vertebra como espazo de diálogo permanente entre o goberno municipal e as nenas, os nenos e a adolescencia cedeiresa.

Deben establecerse as bases que rexerán a participación infantil e adolescente a nivel municipal, co obxectivo de facilitar o traballo do Consello Local de Infancia e Adolescencia como órgano fundamental para a diagnose de necesidades e o establecemento de liñas de actuación prioritarias naqueles asuntos que afectan á vida das nenas, dos nenos e da adolescencia cedeiresa, para o cal se propón a aprobación do Regulamento do consello local de infancia e adolescencia de Cedeira.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal en data 7 de novembro de 2023.

Ao abeiro do previsto nos artigos 22.2 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a constitución do Consello Local de Infancia e Adolescencia de Cedeira (CLIA) previsto no I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Cedeira 2023-2028 aprobado por acordo do Pleno do Concello en sesión de data 05 de maio de 2023.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Regulamento do consello local de infancia e adolescencia, cuxo texto se incorpora como anexo.

TERCEIRO.- Someter o expediente a información pública e audiencia ós interesados durante trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

No suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicando no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro do Regulamento, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.



CUARTO.- Simultaneamente, publicarase o texto do proxecto de regulamento no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

QUINTO.- Facultar ao Alcalde para levar a cabo todos os trámites relacionados co presente expediente.

Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime oportuno.

Cedeira, asinado dixitalmente
O Alcalde

Pablo Diego Moreda Gil

ANEXO

REGULAMENTO DO CONSELLO LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DE CEDEIRA

índice

ARTIGO I. DEFINICIÓN.....	4
ARTIGO III. FUNCÍONS DO CONSELLO.....	4
ARTIGO IV. FUNCÍONS DO CONCELLO DE CEDEIRA.....	5
ARTIGO V. COMPOSICIÓN DO CONSELLO LOCAL DE INFANCIA.....	5
ARTIGO VI. FUNCIONAMENTO DO CONSELLO.....	6
ARTIGO VII. COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN.....	7
ARTIGO VIII. CAUSA DE BAIXA NO CONSELLO.....	7

PREÁMBULO

A Constitución española de 1978 establece a obriga dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da infancia, destacando a especial protección de aquelas nenas e nenos que se atopan nun contexto ou situación de particular vulnerabilidade.

Igualmente, a Convención dos Dereitos do Neno de Nacións Unidas, do 20 de novembro de 1989, e ratificada por España o 30 de novembro de 1990, marca un antes e un despois no recoñecemento das nenas e dos nenos como suxeitos de dereito. Isto é, como cidadáns e cidadás que teñen dereitos, liberdades, deberes e responsabilidades que cómpre protexer e promover desde as diferentes instancias da sociedade.

A Lei 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, coñecida como LOPIVI, insta ao conxunto de axentes sociais, desde a Administración Pública, aos centros educativos e familias, por citar algúns exemplos, a traballar contra a violencia que poden sufrir as persoas máis vulnerables, as nenas e os nenos. Do mesmo xeito, establece o marco referente para garantir a protección das persoas miúdas e favorece un escenario de traballo a prol dos seus dereitos.



Finalmente, o compromiso establecido no I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Cedeira, facilita unha folia de ruta para que a participación das nenas, dos nenos e da adolescencia da vila sexan protagonistas na defensa dos seus dereitos máis básicos como cidadáns e cidadás.

Este regulamento establece as bases que rexerán a participación infantil e adolescente a nivel municipal, co obxectivo de facilitar o traballo do Consello Local de Infancia e Adolescencia como órgano fundamental para a diagnose de necesidades e o establecemento de liñas de actuación prioritarias naqueles asuntos que afectan á vida das nenas, dos nenos e da adolescencia cedeiresa.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO I. DEFINICIÓN

O Consello Local de Infancia e Adolescencia (CLIA) é un espazo de participación infantil directa e activa no marco do goberno municipal do Concello de Cedeira.

ARTIGO II. OBXECTIVOS XERAIS

O CLIA de Cedeira establécese tendo en conta os seguintes obxectivos xerais:

- ☐ Crear unha canle de comunicación entre as nenas, os nenos e a adolescencia do municipio e o goberno local.
- ☐ Valorar as aportacións realizadas pola infancia e a adolescencia en relación a temáticas ou problemas que lles afectan.
- ☐ Propoñer ao goberno municipal medidas de actuación que garantan o benestar das nenas, dos nenos e da adolescencia do municipio.
- ☐ Participar no seguimento e na elaboración de Plans de Infancia e Adolescencia a nivel municipal.
- ☐ Sensibilizar ao conxunto da sociedade sobre a importancia de que as nenas, os nenos e adolescentes teñan voz e capacidade de decisión naqueles asuntos que lles afectan.
- ☐ Difundir os contidos da *Convención sobre os Dereitos do Neno*, que pasamos a chamar *Convención dos Dereitos da Infancia* no marco do traballo do CLIA de Cedeira, favorecendo unha linguaxe inclusiva e non sexista.
- ☐ Favorecer procesos locais de participación directa das nenas, dos nenos e da adolescencia do municipio.
- ☐ Traballar de forma transversal, en todas as actuacións do CLIA de Cedeira, desde un enfoque integrador da igualdade entre mulleres e homes, a non violencia e o respecto á diversidade.

ARTIGO III. FUNCÍONS DO CONSELLO

O CLIA de Cedeira configúrase tendo en conta as seguintes funcións no desenvolvemento da súa actividade:

- ☐ Representación da voz das nenas, dos nenos e da adolescencia do municipio ante o goberno municipal.
- ☐ Identificación de necesidades, problemas e malestares que afectan de forma especial á poboación miúda do Concello de Cedeira.
- ☐ Sensibilización sobre os dereitos da infancia e da adolescencia, con especial atención a aqueles colectivos que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade.
- ☐ Participación en asuntos de interese público e xeral que afectan á veciñanza cedeiresa.



- ☐ Seguimento e aportacións aos plans de infancia e adolescencia aprobados a nivel municipal.

ARTIGO IV. FUNCIONES DO CONCELLO DE CEDEIRA

O Concello de Cedeira asume entre as súas funcións as seguintes tarefas:

1. Facilitación dos medios humanos e materiais que se estimen necesarios para o adecuado funcionamento do CLIA de Cedeira.
2. Información ás persoas que integran o CLIA das diferentes actividades e medidas das que poden tomar parte.
3. Resposta ás propostas e demandas realizadas desde o CLIA de Cedeira.
4. Promoción de plans de infancia e adolescencia para guiar a actuación do goberno municipal en materia de dereitos e protección das nenas, dos nenos e adolescentes.

CAPÍTULO II. COMPOSICIÓN, ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E FUNCIONES

ARTIGO V. COMPOSICIÓN DO CONSELLO LOCAL DE INFANCIA

O CLIA de Cedeira esta composto pola seguinte estrutura de participación:

- ☉ PRESIDENCIA. Será a persoa titular da Alcaldía do Concello de Cedeira quen teña este cargo, podendo delegar a presidencia na Concellaría que a tal efecto determine.
- ☉ VICEPRESIDENCIA. Será titular unha persoa que traballa como técnica a nivel municipal, cuxas funcións están relacionadas con cuestións relativas á infancia e a adolescencia.
- ☉ VOGAIS. Grupo máximo de 25 nenas, nenos e adolescentes representantes do municipio.
- ☉ REPRESENTANTES DOS CENTROS EDUCATIVOS. Tanto o IES Punta Candieria como o Ceip Nicolás del Río contarán con profesorado representante ante o municipio no marco do CLIA.
- ☉ REPRESENTANTES DAS ANPAS “O BECO” E “PICAPEIXE”. As Asociacións de Nais e Pais activas no municipio contarán con unha persoa representante a nivel municipal no marco do CLIA.
- ☉

PRESIDENCIA. Exerce pola persoa que teña responsabilidade na Alcaldía ou na concelleira ou concelleiro que determine a tal fin. As súas funcións son as seguintes:

- a) Convocar, presidir e moderar as reunións do CLIA.
- b) Propor a orde do día das sesións.
- c) Garantir a participación das nenas, dos nenos e da adolescencia do municipio.
- d) Coordinación a relación do CLIA cas diferentes concellarías do goberno municipal.

VICEPRESIDENCIA. Será exercida pola persoa titular da concellaría relacionada con temas de infancia e adolescencia e suplirá á presidencia nos casos de ausencia, ou asumindo as súas funcións por delegación.

SECRETARÍA. Corresponde ao persoal técnico municipal designado, e con responsabilidades en temáticas afíns á infancia e a adolescencia. As súas funcións son as seguintes:

- ☐ Enviar as citacións coa orde do día, a instancias da Presidencia, ás persoas que integran o CLIA.



- ☐ Levantar acta das sesións, trasladar acordos e expedir informes.
- ☐ Garantir a comunicación entre as persoas que integran o CLIA.
- ☐ Cantas outras sexan encomendadas desde a Presidencia para garantir o correcto funcionamento do CLIA.

VOGAIS. Nenas, nenos e adolescentes, que teñen entre as súas funcións:

- α) Recibir en tempo e forma as citacións para as reunións do CLIA.
- β) Asistir ás reunións e exercer o seu dereito a voto.
- χ) Expresar opinións, propostas e información das actuacións que están levando a cabo.

SELECCIÓN DE VOGAIS

O CLIA de Cedeira está integrado por alumnado de 5º e 6º de primaria do Ceip Nicolás del Río, e por alumnado que cursa o Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) e FP básica do IES Punta Candieira.

A elección das nenas, nenos e adolescentes será polo período de 1 ano, coa posibilidade de estender unha prórroga por outro ano máis. En total, o tempo máximo de participación é de 2 anos. En todo caso, o CLIA renovarase cando se estime oportuno, co propósito de garantir a continuidade, o funcionamento e o traspaso de competencias entre a poboación infantil e adolescente.

A súa elección será democrática e realizarase nos centros educativos tomando como referencia de representación o grupo/clase. Para que as persoas seleccionadas podan exercer, de forma efectiva, o seu dereito de representación no marco do CLIA cómpre presentar unha autorización por escrito asinada por quen teña a patria potestade ou garda e custodia.

ARTIGO VI. FUNCIONAMENTO DO CONSELLO

O CLIA convocarase de forma ordinaria 2 veces ao ano (plenos municipais) e de forma extraordinaria cando así se estime oportuno e así o solicite por escrito ou vía dixital (incluído correo electrónico) un mínimo de 1/3 das persoas representantes.

As reunións ordinarias convocaránse con 10 días de antelación e as extraordinaria poden ser convocadas en 48 horas.

Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de acontecer empate no resultado das votacións, o resultado da votación recaerá no voto de calidade da presidencia. Na convocatoria das reunións procurarase que estas teñan lugar en datas e horario que facilite a asistencia das nenas, dos nenos e adolescentes que actúan en representación da infancia e adolescencia do municipio.

O consello traballará en dúas vías:

- a) Comisións de adultos con competencias na materia, en xeral, representantes da comunidade educativa do municipio. Neste caso, poderanse propoñer mesas de traballo a nivel técnico para abordar temas de interese e preocupación a nivel municipal en relación á infancia e á adolescencia.
- b) Comisións de nenas, nenos e adolescentes, en grupos de participación, con unha reunión semestral. Nas sesións traballarase de forma lúdica e adaptada á súa idade, os diferentes temas que se traten no marco do CLIA. De igual forma, poderáselles presentar os proxectos municipais vixentes ou previstos para que expresen a súa valoración ao respecto e podan facer as súas achegas.



As rapazas ou rapaces que abandone o CLIA por cumprir a maioría de idade, poden continuar a súa participación avanzando cara un Consello da Xuventude ou de forma activa no tecido asociativo local.

ARTIGO VII. COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN

O CLIA buscará darlle difusión as diferentes iniciativas que xurdan no seu marco a través dos medios ao seu alcance para chegar ao conxunto da poboación cedeiresa. Por parte do Concello de Cedeira, manterase informado ao CLIA de todos cantos temas podan ser considerados de interese para as nenas, os nenos e a adolescencia do municipio.

ARTIGO VIII. CAUSA DE BAIXA NO CONSELLO

Será motivo de baixa do CLIA de Cedeira a concorrencia dalgunha ou varias das seguintes circunstancias:

- α) Baixa voluntaria por parte da persoa representante.
- β) Tras a finalización do tempo establecido para o mandato.
- χ) Por falta reiterada de asistencia ás sesións de traballo.
- δ) Por incumprimento do Regulamento Interno do CLIA.

A praza vacante poderá ser ocupada por outro rapaz ou rapaza do seu mesmo centro educativo.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde di: Agora vai falar un pouco desta proposta o Concelleiro de Educación, Noel López.

O Sr. López López di: Antes de nada quero volver a agradecer a vosa presenza aquí, tanto aos meus compañeiros do grupo de goberno como á oposición, creo que este Pleno é importante xa que marcará un antes e un despois na nosa Vila porque comeza unha nova etapa na toma decisións, tanto por parte do noso Goberno municipal actual como en futuros gobernos, espero.

¿Qué é o Consello Local? O Consello Local de Infancia e Adolescencia (coñecido como CLIA) é un espazo de participación infantoxuvenil directa e activa no marco do goberno municipal, neste caso no do Concello de Cedeira. Este Consello parte do compromiso que se estableceu, como xa dixo a Secretaria, no I Plan de Infancia e Adolescencia aprobado na sesión plenaria do 5 de maio do vixente ano, onde se facilita unha folla de ruta para que a participación das nenas e nenos da vila sexa protagonista á hora de defender os seus dereitos como cidadáns e cidadás. En definitiva, trátase dun órgano consultivo onde as nenas, nenos e adolescentes terán un espazo para participar, opinar e debater sobre cuestións que consideren que lles afecten. Polo tanto, o CLIA será o lugar de interlocución coa Alcaldía e o resto das Concellerías para facer chegar as súas demandas ou necesidades, así como trasladar as preocupacións ou problemáticas que lles afectan para que sexan consideradas dende o Concello.

Como ben sabedes vos, tras esta aprobación traballaremos para postularnos como cidadanía e infancia, da man de UNICEF, e polo tanto, comezaremos a participar en algo significativo, como a visita que faremos ó Parlamento a vindeira semana ou a exposición da nosa experiencia cos orzamentos participativos que se realizarán en vindeiras semanas. Antes de darlle o turno de palabra aos protagonistas de hoxe que son eles, á representación do CLIA, gustaríame agradecer publicamente o traballo feito neste ámbito na anterior lexislatura, así como pedir o voto favorable do grupo popular, xa



que considero que isto vai dos nenos e nenas da nosa Vila e non de ideoloxías políticas. Grazas de novo a todos.

O Sr. Alcalde di: Grazas Noel. Despois de darvos a palabra e, se queren, dende o Partido Popular tamén poden falar, así que se alguén quere intervir? Ata as 12 da noite temos tempo.

O Sr. Alcalde da a palabra aos alumnos e alumnas do CEIP Nicolás del Río:

Un alumno di: Son Xavier, estudante de 6º curso do CEIP Nicolás del Río. Eu penso que ás veces as nenas e nenos, e os adolescentes tamén, somos considerados unha parte prescindible da sociedade, que non somos tan importantes, e apunteime para cambiar iso inmediatamente.

Outra alumna di: Ola, son Xulia, estudante do CEIP Nicolás del Río e encántame esta idea do CLIA porque penso que todos os nenos temos dereito a participar nestas cousas porque ó final a todos nos inflúen todos os cambios que hai na sociedade e queremos opinar e axudar a que se poida cambiar iso. Grazas a todos.

Outra alumna di: Ola, teño 11 anos e represento a 6º C. O CLIA paréceme importante para que os nenos e nenas e adolescentes poidan dar a súa voz que é igual de importante que a dun adulto. Eu e os meus compañeiros de 6º C tamén queremos dar a nosa aportación e gustaríanos ter: unha piscina municipal de 25 metros e seis calles para os nosos nadadores, unha pista de fútbol 5x5 que sexa gratuíta, máis pistas de baloncesto, un lugar pechado para pasalo ben para os nenos e nenas da nosa idade. E agradezo que os nenos e nenas poidan dar a súa opinión, que moitas veces non son escoitados, e tamén temos boas ideas porque nós somos o futuro do noso pobo para seguir construíndo e mellorando. Grazas.

Outro alumno di: Eu chámome Roi e encántame esta idea do CLIA porque así podemos axudar cos dereitos dos nenos e adolescentes. Represento a 6º A.

Outra alumna di: Ola, represento a 6ª B, xunto a Daniela e a Antón. Son representante do CLIA e do CEIP Nicolás del Río, así podemos ter máis oportunidades, tanto de opinións como de actividades, e creo que participar nos vai a dar moitas oportunidades e que este proxecto debería estar tanto aquí como en moitos sitios máis porque é unha cousa moi importante. Somos o futuro do pobo e temos que ter eses dereitos.

Outra alumna di: Ola, chámome Lúa e teño 9 anos. Apunteime ao CLIA porque creo que os dereitos dos nenos tamén son importantes e porque quero mellorar Cedeira que é o meu pobo e o dos demais nenos. Moitas grazas por escoitarme.

Outra alumna di: Ola, chámome Irene e estou cursando 4º da ESO e estou aquí para ser a voz que represente aos meus amigos e compañeiros no Concello.

Outra alumna di: Eu chámome Mariana e creo que é importante o CLIA porque nós temos unha opinión diferente á vosa e creo que é importante que nos escoitedes xa que, ás veces, é como se non importáramos. Grazas.

Outro alumno di: Ola, apunteime ao CLIA porque creo que son importantes as opinións dos nenos porque hai moita xente que non considera os dereitos importantes e os dereitos dos nenos tamén son importantes. Grazas.



Outra alumna di: Ola, son Elisa e apunteime ao CLIA porque creo que á infancia e á adolescencia aféctannos ao igual que a un adulto as decisións que se toman. Grazas.

Outra alumna di: Ola, son Lucía e estou no CLIA porque creo que é importante a decisión e a opinión dos nenos.

Outra alumna di: Ola, estou no CLIA porque creo que as nosas opinións e pensamentos poden axudar e poden aportar moito.

Outra alumna di: Ola, chámome Candela e estou no CLIA porque penso que á infancia e á adolescencia de Cedeira é necesario representala porque ó fin e ó cabo todos vivimos no pobo.

Outro alumno di: Ola, eu son Anxo e formo parte do CLIA porque creo que é importante que se escoite a nosa opinión e porque hai cousas que ás veces os adultos non ven e nós si e tamén porque podemos aportar ideas que se poden facer para mellorar.

O Sr. Alcalde pregunta se alguén máis quere participar e ao non producirse ningunha intervención máis, da as grazas ao alumnado polas opinións e consellos e da a palabra ao portavoz do Partido Popular.

O Sr. Cribeiro García di: Eu, en primeiro lugar, quería agradecer a vosa presenza aquí, tanto de nenos como de nenas e tamén dos profesores que vos sumades a esta iniciativa. Acabo de escoitar que alguén dixo que sodes prescindibles, eu non estou de acordo con esa opinión. Non sodes prescindibles, sodes necesarios. Nós, os que estamos aquí, tamén fomos nenos en Cedeira e queremos manifestar que tras este acto ímonos a ver no día a día pola rúa e na mesma rúa non teñades ningún medo de manifestar as vosas opinións. Algún di que ten 11 anos, son poucos anos, tan só faltan 7 anos –o tempo pasa rapidísimo- para que cumprades 18 anos, con 18 anos xa ides poder decidir a quen votar. E quen nos di que aquí coa vosa presenza que algún de vosoutros poderá ser a Alcaldesa ou o Alcalde de Cedeira ou algún Concelleiro de calquera grupo político? Sería unha iniciativa que xa deberíades pensar para ter en conta no futuro. Cremos que a toma de decisións dende os Concellos son positivas a todos os niveis, non só na infancia e cremos que si podedes mellorar a vida de todos os cidadáns de Cedeira. Unha das cousas que vos diría é que sexades libres, que actuedes en liberdade. A liberdade de opinión é fundamental, o contraste de opinións é característico do ser humano, na variedade está a sociedade. Nós apostamos por este tipo de iniciativas e, por suposto, imos dar o noso voto favorable ao CLIA.

O Sr. Alcalde di: Antes de aprobalo, quería dar a miña opinión que é un pouco a opinión de todos os que estades aquí. Primeiro decirvos que vos debedes sentir súper orgullosos e orgullosos de estar aquí participando en algo que beneficia a toda a sociedade. É dicir, ides a traballar neste Consello con este Regulamento que se vai a aprobar e ides a traballar tamén para mellorar a vida de todos e de todas, dende os máis pequenos ata os máis maiores, está claro que tedes a vosa importancia, como ben dixo Xulio, ninguén é prescindible. Como ides ser prescindibles? Todo o contrario. Nós aprendemos moitísimo de todos e cada un de vós. Cada unha das vosas opinións manifesta interese polo benestar social dunha sociedade que cada día precisa crecer moitísimo máis e esa é a importancia de que esteades aquí. Iso é ao que vos queremos animar, a que sigades traballando, participando e sempre dicindo sen complexos, é no debate onde se aprende, igual que o debate que temos nós nos Plenos, a maioría das veces aprendemos entre nós, en escoitarnos e tomando decisións que vos favorezan. Ás veces, non temos ese pensamento en todas as cousas. Dentro do voso traballo, moitos vivides en Cedeira, outros no rural e vedes as vicisitudes coas que convivides día a día. Iso é o máis importante que traballedes e, como dixen ó principio, que vos sintades súper orgullosos, que cada día conciencedes a máis compañeiras e compañeiros e escoitar á xente na rúa e que pensemos en todos.



Dende aquí, de parte de todos, que ben vedes que todos imos votar que si, a nosa admiración por cada un de vos e repito, por terceira vez, o noso orgullo por escoitarvos, por tervos aquí e por ese traballo tan necesario e tan importante para que a nosa sociedade avance. Grazas.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

O alumnado do IES Punta Candieira e do CEIP Nicolás del Río abandona o Auditorio municipal.

2. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS 2022. MC 35 2023 SC 04 2023.

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 14 de novembro de 2023, que di:

“Vista a Proposta de Alcaldía de data 09.11.2023, que dí:

“Expediente: 2023/G006/000292

Asunto: Modificación de crédito modalidade suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais 2022. MC 35 2023 SC 04 2023.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son suplementos de crédito aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ampliarse. As anteditas modificacións pódense financiar, entre outros recursos, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2022, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 65/2022, do 08 de febreiro de 2022, resultou unha cantidade de remanente de líquido de tesourería para gastos xerais por un importe total de 1.857.949,93 €.

Vista a Memoria de Alcaldía, de data de 08 de novembro de 2023, na que queda xustificando, ante a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, e para o que o crédito previsto é insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación e dado que se dispón de remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, a necesidade de tramitar o suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que con data de 08 de novembro de 2023 emitíuse Informe favorable de control permanente previo relativo á modificación orzamentaria MC 35 2023 SC 04 2023, modalidade suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que con data de 08 de novembro de 2023 emitíuse Informe relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Esta Alcaldía, no uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, propón ao Pleno, previo



ditame da Comisión Informativa de Plenos, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 35 2023 SC 04 2023, na modalidade de suplemento de crédito, para financiar gastos correntes e de capital, con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

PARTIDA		DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	DESCRICIÓN
151	22706	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	17.545,00	Traballos técnicos urbanismo
164	62300	Cemiterio e servizos funerarios.	20.018,64	Iluminación cemiterio de Piñeiro
170	22199	Medio ambiente. Outros subministros	9.006,69	Tablóns de pino tratado para o pasamáns do río Condomiñas e Malla antideslizante para paseos madeira
231	22799	Servizos Sociais. Outros traballos realizados por outras empresas	4.628,25	Campamento Nadal 2023
3231	22700	Escola Infantil. Limpeza	8.000,00	Facturas limpeza Escola Infantil
3232	22799	Colexio. Outros traballos realizados por outras empresas	3.000,00	Facturas traballos varios último trimestre ano
334	22799	Promoción cultural. Outros traballos realizados por outras empresas	25.000,00	Facturas Ópera Estudio e segunda sala Museo Terras de Cedeira, facturas último trimestre ano
337	22100	Instalacións de ocupación do tempo libre. Enerxía eléctrica	2.000,00	Facturas último trimestre enerxía eléctrica do espazo lecer xuvenil
337	22699	Instalacións de ocupación do tempo libre. Outros gastos diversos.	17.710,51	Actividades Nadal
337	22799	Instalacións de ocupación do tempo libre. Outros traballos realizados por outras empresas	4.000,00	Facturas último trimestre xestión e dinamización espazo lecer xuvenil
341	22199	Protección e fomento do deporte. Outros subministros	7.000,00	Facturas diversas de subministros polideportivo
341	22799	Protección e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas	17.369,65	Facturas socorrista piscina e monitor multidisciplinar polideportivo
341	60900	Protección e fomento do deporte. Inversións novas en bens destinados ao uso xeral.	13.936,78	Construción parque de aventuras en árbores con plataformas de madeira
342	22112	Instalacións deportivas. Subministros de material eléctrico	2.870,12	Subministro material eléctrico pista de pádel interior
342	61900	Instalacións deportivas. Inversión reposición infraestruturas	4.524,37	Polideportivo Municipal. Modificación postes redes bádminton.
342	62200	Instalacións deportivas. Inversión nova en edificios	26.305,46	Obras na pista de pádel e no polideportivo
342	63200	Instalacións deportivas. Inversión reposición en edificios e outras construcións	23.228,14	Traballos de reparación cuberta danada polo temporal de pista de pádel
450	22706	Administración xeral de infraestruturas. Estudos e traballos técnicos	15.628,57	Traballos técnicos contratación



491	22706	Sociedade da información. Estudos e traballos técnicos.	13.565,25	Instalación rede comunicacións intelixente
920	22112	Administración xeral. Subministro de material eléctrico	7.827,08	Factura iluminación auditorio
920	22199	Administración xeral. Subministros	3.000,00	Facturas subministros último trimestre ano
920	22700	Administración xeral. Limpeza	4.000,00	Facturas limpeza último trimestre ano
920	22706	Administración xeral. Estudos e traballos técnicos.	5.566,00	Rediseño, mantemento e actualización da web municipal e servizo Cedeira Informa
920	22799	Administración xeral. Outros traballos realizados por outras empresas	5.000,00	Facturas último trimestre ano diversos servizos prestados ao concello en oficinas
TOTAL			260.730,51	

O financiamento da incorporación realizarase da seguinte maneira:

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)
870.00	Remanente para financiamento de gastos xerais 2022	260.730,51
	TOTAL	260.730,51

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días hábiles, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA

O Sr. Alcalde explica que se presentaron varias mocións e que se van levar todas ao Pleno ordinario que se celebrará o último xoves de novembro, pero como esta moción é relativa ao 25N e o Pleno ordinario é posterior, decidiron traela a este Pleno extraordinario.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da moción na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.



Pola Concelleira do BNG, D^a Manuela López Rodríguez, dáse lectura á moción presentada con data 10.11.2023 (rex de entrada nº 3695), que di:

“MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA

José Antonio Rodríguez Arribe, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de CEDEIRA, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

Exposición de motivos:

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóñllese máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

ACORDO:

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:



1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2022, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.

3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza achegará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Os representantes do Partido Popular, aquí presentes, non estamos de acordo e non negamos nin banalizamos a violencia machista, de ningún xeito. Estamos en contra de todo tipo de agresións físicas, psíquicas ou sexuais, de calquer tipo. Onte, lendo nun diario dixital outro tipo de agresión, pon o periódico: *“Investigan una agresión grupal y homosexual a un hombre en El Masnou (Barcelona). Los Mossos d’Esquadra han efectuado indagaciones por una supuesta una agresión sexual a un hombre en El Masnou (Barcelona), ocurrida la noche del 12 al 13 de noviembre, y están a la espera de si se interpone denuncia para investigar el caso.”* Nos estamos en contra de todo tipo de agresións.



Con respecto ás demandas á Xunta nos queríamos facer unha pequena aportación:

Nos orzamentos para o 2024 a Secretaría Xeral de Igualdade contará cuns orzamentos expansivos para a igualdade e a loita contra a violencia de xénero con 53,9 millóns de euros presupostados (+13,65%).

O Goberno autonómico destinará máis de 2,2 millóns de euros a un novo plan para fomentar a presenza feminina en profesións masculinizadas. Trátase de formar e contratar unhas 300 mulleres para que se incorporen a sectores laborais destas características. Dinme dende a Xunta de Galicia que tratan de fomentar a presenza feminina nas profesións masculinizadas en aqueles sectores nos que realmente se demanda o traballo, onde a presenza masculina é máis forte.

Tamén se favorecerá a extensión da rede de Centros de Información á Muller (CIM), onde se reforzará a atención a mulleres especialmente vulnerables e ás persoas LGTBIQ+.

As actuacións dirixidas á prevención e loita contra a violencia de xénero contarán cun 14,46% máis de orzamento no compromiso do Goberno galego de combater esta lacra.

Neste eido, as principais liñas orzamentarias e as actuacións máis destacadas serán para o 2024:

1. Prestacións económicas para vítimas de violencia de xénero, que no 2024 contarán novamente con 5,98 millóns de euros.

- mantemento das axudas periódicas ata os 4,24 millóns de euros con fondos propios da Xunta, ampliábeles, e que converten a esta Comunidade na única do Estado en manter estas prestacións para mulleres vítimas
- mantemento da partida destinada ao pago único para as vítimas de violencia de xénero con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral, á que se destinan 1,67 millóns de euros

Ademais, vanse manter:

- As indemnizacións económicas (con 55.000 euros) para 2023. Só no que vai de ano se concederon 5. En 2022 concedéronse 20.
- Consolídanse as axudas de orfos, orfas e mulleres gravemente feridas (con 70.000 euros) e tamén as axudas á mobilidade das vítimas de violencia de xénero (con 20.000 euros), que se están impulsando desde o ano 2021.

2. Vanse continuar tamén con outras actuacións en materia de atención, acompañamento, formación e integración das vítimas de violencia de xénero:

- Incrementáanse as axudas para o fomento da contratación por parte dos concellos e entidades locais a mulleres vítimas de violencia de xénero, con 2,5 millóns de euros. No ano 2023 foron contratadas 95 mulleres e 42 concellos beneficiarios.
- Axudas para o fomento da contratación por parte das entidades de iniciativa social, que se puxeron en marcha por primeira vez en 2021 e que este ano dotáronse con 600.000 euros. No ano 2023 foron contratadas 27 mulleres e 14 entidades beneficiarias.
- Estanse a reforzar actuacións coas vítimas de violencia sexual ao por en funcionamento o vindeiro ano 2024 cinco centros de crise (e non catro, como estaba previsto inicialmente), para prestar atención integral as 24 horas do día os 365 días do ano, cun investimento total de 5,9 millóns de euros, e que estarán en funcionamento a 31 de decembro de 2024.

A aprobación do III Programa Muller e Ciencia 2022-2025 con 44,7 millóns de euros, é o máis alto da súa historia, o que busca que a igualdade entre mulleres e homes rexa o sistema galego da ciencia, tecnoloxía e innovación.

A aprobación tamén do VIII Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027 con 935 millóns de euros co obxectivo de asegurar o benestar integral das mulleres na súa ampla diversidade.

A aprobación do II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025, cun orzamento de máis de 1.100 millóns de euros, que conta con 42 medidas que quedan articuladas en torno a cinco áreas estratéxicas: sensibilización e coñecemento, coeducación, xestión corresponsable dos tempos e dos espazos, compromiso co benestar laboral e fortalecemento dos recursos de apoio ás familias no apoio á crianza e para a asunción da corresponsabilidade entre homes e mulleres nos coidados.



A posta en marcha do I Plan Galego contra a Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 con 7 millóns de euros, un documento estratéxico elaborado coa participación das 12 entidades que conforman a Rede Galega contra a Trata e que sitúa a Galicia como referente no fortalecemento dos recursos para as vítimas.

Os apoios para a rede de Centros de Información á Muller (CIM), un total de 84 repartidos por todo o noso territorio, se incrementa un 3 por cento, chegando a 4,1 millóns de euros. Un orzamento que permite seguir promocionando unha atención integral e de proximidade nun total de 193 concellos galegos, prestando servizo a unhas 9.500 mulleres cada ano. E a liña de fomento da conciliación e a corresponsabilidade que está previsto dotala con 6 millóns de euros, 1,5 millóns máis que en 2023.

Tamén se continuará unha ambiciosa nova liña de axudas para que os concellos poidan investir novos recursos na mellora das infraestruturas e equipamentos dos Centros de Información á Muller, dotada con 1,4 millóns de euros.

A nosa postura é clara, nós estamos en contra de tipo de violencia, por iso imos votar a favor.

O Sr. Alcalde di: E como queres reflexar isto? Como unha addenda na exposición de motivos?

O Sr. Cribeiro García di: Non é necesario, con que quede reflexado...

A Sra. Secretaria di: Como unha intervención entón.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Nós presentamos unha moción cuns puntos, pero todo o que se poida engadir a maiores... Creo que non se debe votar o que presentou Xulio e agradézoche que esteas a favor da moción.

A Sra. López Rodríguez di: Alégranos que moitas das cousas que están aquí pedidas que esteñan orzamentadas para o 2024. Parécenos xenial.

O Sr Alcalde di: Nosoutros como grupo tamén imos a votar a favor e dentro da exposición de motivos tamén engadir unhas cousas. Creo que o texto está bastante ben e tamén cremos que o papel o aguanta todo, dentro do agradecemento ao grupo popular pola súa exposición de motivos, tamén ese cumprimento á Xunta, que ese papel que aguanta todas esas cantidades que se leve a cabo. Falo da Xunta como podo falar do Goberno central cando diga as addendas que queremos meter a esta moción. Serían as seguintes. O Sr. Alcalde lee:

“

1. Ratificar o compromiso deste Concello coa erradicación e prevención da violencia machista en todas as súas expresións.
2. Apoiar as iniciativas de sensibilización e educación en igualdade e prevención da violencia machista, e en particular da violencia sexual, poñendo unha atención especial na infancia, adolescencia e mocidade.
3. Ampliar a difusión dos recursos existentes para atender casos de violencia contra as mulleres entre a poboación en xeral, as familias e os equipos de profesionais.
4. Contribuír de xeito activo á implementación do contido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
5. Colaborar co tecido asociativo que traballa pola igualdade e a loita contra a violencia machista.
6. Promover programas de educación afectivo-sexual e de resolución de conflitos en



colaboración cos centros educativos do municipio.

Instar ao Goberno de España a:

1. Garantir o cumprimento da aplicación de sistemas efectivos de verificación da maioría de idade nas plataformas e páxinas web con contidos pornográficos, poñendo os medios suficientes e adoptando os mecanismos necesarios.
2. Establecer por lei que todos os dispositivos con conexión a internet que se poñan á venda en España contén con un o control parental/marental de maneira predeterminado.
3. Anular a instrucción do 5 de outubro de 2010, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre o réxime rexistral da filiación, dos nados mediante xestación por substitución, así como a promover o proxecto de Convención internacional para a Abolición da Xestación por Substitución lanzado en outubro do 2020 pola Coalición Internacional para a abolición da Xestación por Substitución.
4. Impulsar e aprobar, unha lei Abolicionista do Sistema Prostitucional, onde se protexa e repare integralmente ás vítimas de violencia na prostitución, se penalice aos puteros con multas e penas de prisión e se persiga penalmente ao proxenetismo.

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo sobre o acceso, consumo e implicacións da pornografía online en Galicia.
2. Dar cumprimento ao artigo 7 da lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual en materia de educación afectivo-sexual e do uso axeitado das novas tecnoloxías para avanzar na erradicación da violencia sexual, incluíndo información sobre os riscos da pornografía en contornas dixitais (sexting, grooming, ciberacoso...).
3. Elaborar, antes de que remate o actual período de sesións, unha guía con material informativo actualizado en materia de sexualidade que recolla recursos dirixidos ás familias.
4. Elaborar unha campaña de grande alcance dirixida á mocidade sobre o perigo do consumo de contidos dixitais pornográficos baseados na violencia sexual contra as mulleres. A campaña, realizada para a súa difusión en todos os soportes, enviarase a todos os centros educativos galegos e aos concellos e estará dispoñible para calquera organización que a solicite.
5. Dar cumprimento ás medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en particular, de xeito urxente, á medida 135 do Pacto de Estado establecendo Unidades de Valoración Integral Forense con persoal suficiente en todo o territorio galego.
6. Garantir que o sistema sanitario de Galicia (SERGAS) cumpla a Lei de saúde sexual e reproductiva e a Lei de Autonomía da Paciente que garante o requisito do consentimento informado antes de cada intervención, así como implantar a Estratexia de Atención ao Parto normal (EAPN), velar por dotar de suficientes recursos ao sistema sanitario e en concreto a atención ao embarazo, ao parto e postparto. Promover a formación continua das profesionais respaldada pola evidencia científica, establecendo a obrigación de actualización de protocolos hospitalarios e Plans de saúde da muller conforme as recomendacións actualizadas, tanto en hospitais públicos como privados.”

O Sr. Alcalde di: Estas serían as nosas addendas que as debemos votar. Cos votos deles e nosos xa se aprobaría, pero... creo que recollen o sentido xeral de todos. Queremos darlle as grazas pola nosa parte a Lucía, Concelleira de Igualdade, que foi quen complementou estas addendas.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Nós non temos ningún inconveniente, todo o que enriqueza a nosa presentación e á moción é positivo para nosoutros.



O Sr. Alcalde explica que primeiro vane votar as addendas e logo todo xunto.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a emenda á moción nos seguintes termos:

“

1. Ratificar o compromiso deste Concello coa erradicación e prevención da violencia machista en todas as súas expresións.
2. Apoiar as iniciativas de sensibilización e educación en igualdade e prevención da violencia machista, e en particular da violencia sexual, poñendo unha atención especial na infancia, adolescencia e mocidade.
3. Ampliar a difusión dos recursos existentes para atender casos de violencia contra as mulleres entre a poboación en xeral, as familias e os equipos de profesionais.
4. Contribuír de xeito activo á implementación do contido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
5. Colaborar co tecido asociativo que traballa pola igualdade e a loita contra a violencia machista.
6. Promover programas de educación afectivo-sexual e de resolución de conflitos en colaboración cos centros educativos do municipio.

Instar ao Goberno de España a:

1. Garantir o cumprimento da aplicación de sistemas efectivos de verificación da maioría de idade nas plataformas e páxinas web con contidos pornográficos, poñendo os medios suficientes e adoptando os mecanismos necesarios.
2. Establecer por lei que todos os dispositivos con conexión a internet que se poñan á venda en España contén con un o control parental/marental de maneira predeterminado.
3. Anular a instrucción do 5 de outubro de 2010, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre o réxime rexistral da filiación, dos nados mediante xestación por substitución, así como a promover o proxecto de Convención internacional para a Abolición da Xestación por Substitución lanzado en outubro do 2020 pola Coalición Internacional para a abolición da Xestación por Substitución.
4. Impulsar e aprobar, unha lei Abolicionista do Sistema Prostitucional, onde se protexa e repare integralmente ás vítimas de violencia na prostitución, se penalice aos puteros con multas e penas de prisión e se persiga penalmente ao proxenetismo.

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo sobre o acceso, consumo e implicacións da pornografía online en Galicia.
2. Dar cumprimento ao artigo 7 da lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual en materia de educación afectivo-sexual e do uso axeitado das novas tecnoloxías para avanzar na erradicación da violencia sexual, incluíndo información sobre os riscos da pornografía en contornas dixitais (sexting, grooming, ciberacoso...).
3. Elaborar, antes de que remate o actual período de sesións, unha guía con material informativo actualizado en materia de sexualidade que recolla recursos dirixidos ás familias.
4. Elaborar unha campaña de grande alcance dirixida á mocidade sobre o perigo do consumo de contidos dixitais pornográficos baseados na violencia sexual contra as mulleres. A campaña, realizada para a súa difusión en todos os soportes, enviarase a todos os centros educativos



galegos e aos concellos e estará dispoñible para calquera organización que a solicite.

5. Dar cumprimento ás medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en particular, de xeito urxente, á medida 135 do Pacto de Estado establecendo Unidades de Valoración Integral Forense con persoal suficiente en todo o territorio galego.
6. Garantir que o sistema sanitario de Galicia (SERGAS) cumpla a Lei de saúde sexual e reproductiva e a Lei de Autonomía da Paciente que garante o requisito do consentimento informado antes de cada intervención, así como implantar a Estratexia de Atención ao Parto normal (EAPN), velar por dotar de suficientes recursos ao sistema sanitario e en concreto a atención ao embarazo, ao parto e postparto. Promover a formación continua das profesionais respaldada pola evidencia científica, establecendo a obrigatoriedade de actualización de protocolos hospitalarios e Plans de saúde da muller conforme as recomendacións actualizadas, tanto en hospitais públicos como privados.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción emendada que queda redactada como segue:

“MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA

José Antonio Rodríguez Arribe, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de CEDEIRA, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

Exposición de motivos:

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóllense máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a



proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

ACORDO:

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2022, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.

3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza achegará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o



desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.

5. Ratificar o compromiso deste Concello coa erradicación e prevención da violencia machista en todas as súas expresións.

6. Apoiar as iniciativas de sensibilización e educación en igualdade e prevención da violencia machista, e en particular da violencia sexual, poñendo unha atención especial na infancia, adolescencia e mocidade.

7. Ampliar a difusión dos recursos existentes para atender casos de violencia contra as mulleres entre a poboación en xeral, as familias e os equipos de profesionais.

8. Contribuír de xeito activo á implementación do contido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

9. Colaborar co tecido asociativo que traballa pola igualdade e a loita contra a violencia machista.

10. Promover programas de educación afectivo-sexual e de resolución de conflitos en colaboración cos centros educativos do municipio.

11. Instar ao Goberno de España a:

1. Garantir o cumprimento da aplicación de sistemas efectivos de verificación da maioría de idade nas plataformas e páxinas web con contidos pornográficos, poñendo os medios suficientes e adoptando os mecanismos necesarios.

2. Establecer por lei que todos os dispositivos con conexión a internet que se poñan á venda en España contén con un o control parental/marental de maneira predeterminado.

3. Anular a instrución do 5 de outubro de 2010, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre o réxime rexistral da filiación, dos nados mediante xestación por substitución, así como a promover o proxecto de Convención internacional para a Abolición da Xestación por Substitución lanzado en outubro do 2020 pola Coalición Internacional para a abolición da Xestación por Substitución.

4. Impulsar e aprobar, unha lei Abolicionista do Sistema Prostitucional, onde se protexa e repare integralmente ás vítimas de violencia na prostitución, se penalice aos puteros con multas e penas de prisión e se persiga penalmente ao proxenetismo.

12. Instar á Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo sobre o acceso, consumo e implicacións da pornografía online en Galicia.

2. Dar cumprimento ao artigo 7 da lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual en materia de educación afectivo-sexual e do uso axeitado das novas tecnoloxías para avanzar na erradicación da violencia sexual, incluíndo información sobre os riscos da pornografía en



contornas dixitais (sexting, grooming, ciberacoso....).

3. Elaborar, antes de que remate o actual período de sesións, unha guía con material informativo actualizado en materia de sexualidade que recolla recursos dirixidos ás familias.
4. Elaborar unha campaña de grande alcance dirixida á mocidade sobre o perigo do consumo de contidos dixitais pornográficos baseados na violencia sexual contra as mulleres. A campaña, realizada para a súa difusión en todos os soportes, enviarase a todos os centros educativos galegos e aos concellos e estará dispoñible para calquera organización que a solicite.
5. Dar cumprimento ás medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en particular, de xeito urxente, á medida 135 do Pacto de Estado establecendo Unidades de Valoración Integral Forense con persoal suficiente en todo o territorio galego.
6. Garantir que o sistema sanitario de Galicia (SERGAS) cumpla a Lei de saúde sexual e reproductiva e a Lei de Autonomía da Paciente que garante o requisito do consentimento informado antes de cada intervención, así como implantar a Estratexia de Atención ao Parto normal (EAPN), velar por dotar de suficientes recursos ao sistema sanitario e en concreto a atención ao embarazo, ao parto e postparto. Promover a formación continua das profesionais respaldada pola evidencia científica, establecendo a obrigatoriedade de actualización de protocolos hospitalarios e Plans de saúde da muller conforme as recomendacións actualizadas, tanto en hospitais públicos como privados.”

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 12:59 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ